

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, informa a esta Dirección Xeral:

1º.- Que, con data 9 de novembro de 1982 asinouse un Convenio entre a Comunidade de Couselo e a Consellería de Agricultura, para unha superficie de 174 Hás.

2º.- Que, a Comunidade, en Asamblea Xeral de data 21 de xuño de 1992, acordou amplia-la superficie conveniada, con 82 Hás. máis do monte da súa pertenza.

A vista de todo elo, propoñemos a V.E.:

UNICO.- Aproba-las novas Bases do Convenio nº 3615503 do monte "MONTES DE COUSELO", e que suas características sexan as seguintes:

Nome: "MONTES DE COUSELO"

Elenco: 3615503

Superficie: 256 Hás.

Pertenza: Comunidade de Couselo

Concello: Cuntis

Arborado preexistente: 40 Hás.

Participación da Consellería nos aproveitamentos do arborado preexistente:
15%

Participación da Comunidade nos aproveitamentos do arborado preexistente: 85 %

.../...

No obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 1993.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Pedro Pablo Iñiguez Alonso.

Vº. Bº

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Carlos del Alamo Jiménez.

A petición da Comunidade Veciñal de Couselo (Cuntis) e a proposta da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, con esta data

R E S O L V O:

UNICO.- Aproba-las novas Bases do Convenio nº 3615503 do monte "MONTES DE COUSELO", e que suas características sexan, no sucesivo, as seguintes:

Nome: "MONTES DE COUSELO"

Elenco: 3615503

Superficie: 256 Hás.

Pertenza: Comunidade de Couselo

Concello: Cuntis

Arborado preexistente: 40 Hás.

Participación da Consellería nos aproveitamentos do arborado preexistente: 15%

Participación da Comunidade nos aproveitamentos do arborado preexistente: 85%

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 1993.

O CONSELLEIRO

(POR ORDE DO 29-10-91)

O SECRETARIO XERAL TÉCNICO,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.